

NORMAS E OBRIGAS NA CESIÓN DE ESPAZOS OU LOCAIS MUNICIPAIS

A entidade ou persoa solicitante á que se lle conceda o permiso para o uso e disfrute dalgún local ou espazo municipal comprométese a **acatar e cumprir as seguintes normas**:

1. A solicitante será **responsábel dos danos posibles que se poidan ocasionar a raíz do seu uso e acción** dentro dos espazos de titularidade municipal que lle sexan autorizados.
2. A solicitante encargaráse de **deixar o local limpo e ordeado** devolvéndoo, canda menos, ás mesmas condicións nas que se atopaba.
3. A solicitante comprobará, antes de abandonar o inmovible, que se cumpren as seguintes indicacións:
 1. Que **a calefacción queda debidamente apagada (non desenchufada)** e en correcto estado **segundo se indica nas instrucións do local**.
 2. Que o local quedou limpo e ordeado.
 3. Que **as mesas, cadeiras e demais mobiliario quedan na mesma posición na que se atopaban á chegada**.
 4. Que todas as **portas e ventás quedan pechadas**.
4. A solicitante comprométese a non desenvolver dentro dos espazos municipais accións de carácter especialmente ofensivo e que atente contra os dereitos e liberdades de terceiros.
5. **A solicitante encargárase de sacar fotos do estado do local antes de iniciar o seu uso e ao remate unha vez cumpridas as normas anteriormente descritas**. Deberá facerllas chegar ao concello a través do seguinte enderezo electrónico: concello@outes.gal

A propiedade pública é de todas e para todas. Coidala comeza nas accións dun mesmo.